

# REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

## Nº 60 – PONTE... NAS ONDAS! ... DA LUSOFONÍA



### Editorial

Texto e contexto, utilización politiquera do Padre Feixó e silencio arredor de Ben-Cho-Sey

### O tema: Ponte... nas ondas! ... da lusofonía

#### Presentación

Ponte... nas ondas!  
(Entidade coordinadora do monográfico)

A lusofonía, comunidade de aprendizaxes e saberes  
VV. AA.  
(Ponte... nas ondas! / Nova Escola Galega)

Educación e patrimonio nun mundo global  
Nieves Herrero Pérez  
(Universidade do Santiago)

Ponte... nas ondas! TIC, educación e patrimonio  
Xerardo Feijoo Rapela  
(Ponte... nas ondas!)

Comunicar un Patrimonio vivo. Uma etnografía de Ponte... nas ondas!  
Álvaro Campelo  
Xosé M. González Reboredo  
(Universidade Fernando Pessoa do Porto / Museo do Pobo Galego)

A rendibilidade do galego  
Xavier Alcalá  
(Enxeñeiro de Telecomunicacións e escritor)

A lingua como oportunidade no mundo universitario. Relação entre universidades do espaço lusófono  
Elias J. Torres Feijó  
(Universidade de Santiago)

O Porto e a Galiza. Coisas nossas, de portuenses e galegos  
António Nunes  
(Profesor e formador docente)

Vinte anos de Ponte... nas ondas!  
Teresa Callís  
Filomena Correia Alves da Cruz  
(IES "A Sangriña" - A Guarda / Escola Básica e Secundaria Sidónio Pais - Caminha)

Ecos do Brasil: a ponte linda que de ali chega  
Bruna Moraes  
Mayra Pereira  
(Universidade Estadual de Paraíba)

Décadas de radio construíndo pontes  
M<sup>a</sup> Luz Gómez Leiras  
M<sup>a</sup> Pilar González Casas  
(CEP Carlos Casares - Alxén - Salvaterra de Miño)

Para sabermos algo máis...  
Xerardo Feijoo Rapela  
(Ponte... nas ondas!)

### A entrevista

Uxía... como un irmão che falo  
Santi Veloso  
(Ponte... nas ondas!)

<b>Pensar o ensino</b>	Ensinanzas artísticas superiores e universidade, Unha integración urxente e necesaria Manuel Francisco Vieites ( <i>Escola de Arte Dramática</i> )
<b>Experiencias</b>	Un camiño matemático Rocío Rei López M <sup>a</sup> Ángeles García Losada Pablo González Sequeiros ( <i>CPR A Merced - Sarria/Universidade de Santiago</i> )
<b>Recursos</b>	Tendendo pontes, atando cabos Xulia Marqués Valea ( <i>Secretaría Xeral de Política Lingüística</i> )
<b>As outras escolas</b>	Angola, entre o reto educativo do poder e a resposta política do querer Xosé M. Malheiro Gutiérrez ( <i>Universidade da Coruña</i> )
<b>Recursos do contorno</b>	Aula forestal <i>Os trollos</i> - Bóveda Araceli Serantes Pazos ( <i>Universidade da Coruña</i> )
<b>Investigación</b>	FP e desenvolvemento sustentable: a participación dos axentes sociais na ordenación da información Laura Rego Agraso ( <i>Universidade de Santiago</i> )
<b>Brinquetainas</b>	O xogo tradicional: recuperación do patrimonio inmaterial Xerardo Feijoo Rapela Jose Manuel Gonçalves ( <i>Ponte... nas ondas! / Escola Básica e Secundária de Melgaço</i> )
<b>Panoraula</b>	Actualidade do mundo da educación e recensións de publicacións Xosé Ramos Rodríguez Antón Costa Rico ( <i>Nova Escola Galega</i> )
<b>Recensións</b>	Escritores portugueses editados en Galicia Miguel Vázquez Freire ( <i>Nova Escola Galega</i> )
<b>Humor</b>	DOcENTES Xosé Tomás

# Resumos Resúmenes Abstracts

## A LUSOFONÍA. COMUNIDADE DE APRENDIZAXES E SABERES

Antón Costa, Santiago Veloso, Xosé M. Cid, Xerardo Rapela, Americo Nunes, Suso Rodríguez e Paco Veiga

O amplo, diverso e oceánico territorio da lusofonía debería ser un espazo de referencia próxima para a nosa educación, para os ensinantes, para o alumnado e para as familias, porque a través da lingua galego-portuguesa formamos unha comunidade lingüística que pode ser unha moi próxima comunidade de saberes, feliz ocasión de tantas aprendizaxes e descubertas. Ao respecto, pásase revista ao que se foi facendo e propóñense medidas para avanzar.

*El amplio, diverso y oceánico territorio de la lusofonía debería ser un espacio de referencia próxima para nuestra educación, para los profesores, para el alumnado y para las familias, porque a través de la lengua gallego-portuguesa formamos una comunidad lingüística que puede ser una muy próxima comunidad de saberes, feliz ocasión de tantos aprendizajes y descubrimientos. Al respecto, se pasa revista a lo que se fue haciendo y se proponen medidas para avanzar.*

A Revista Galega de Educación (RGE) é desde 1986 unha publicación pedagóxica de carácter teórico-práctico, tamén atenta á actualidade educativa, escrita en galego e dirixida ao profesorado dos diferentes niveis educativos.

De periodicidade cuadrimestral (3 números ao ano), a revista admite e presenta traballos orixinais de investigación, temáticas monográficas, experiencias de aula, textos de ensaio, reportaxes, entrevistas, notas bibliográficas e de actualidade. Os traballos de investigación e os que compoñen as temáticas monográficas son avaliados de modo anónimo por revisores externos especializados.

A publicación está editada polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e os seus Consellos de Redacción, Editorial e Científico están compostos por profesionais de recoñecida relevancia académica no ámbito da educación. É a única revista galega de educación en formato impreso e realiza intercambios científicos con outras publicacións pedagóxicas europeas e americanas.

*The wide, diverse and oceanic territory of lusophony should become a space of close reference for our education, teachers, students and families, because through the Galician-Portuguese language we constitute a linguistic community which can also be a close community of knowledge, a happy occasion of many learnings and discoveries. To this respect, the article revises what has been done and it proposes measures to go forward.*

## EDUCACIÓN E PATRIMONIO NUN MUNDO GLOBAL

Nieves Herrero Pérez

Resaltar a importancia das "dimensións inmateriais do patrimonio" supón apostar por un "patrimonio con xente". Trátase dunha concepción dinámica segundo a que os elementos da tradición cultural son enfocados como recursos para enfrontar aos retos do presente. Algunhas experiencias de educación patrimonial no ensino en Galicia mostran que o patrimonio local pode ser tratado como un instrumento para abrirse ao mun-

do e para potenciar a participación consciente e crítica no deseño e recomposición das identidades culturais impulsadas polo proceso globalizador.

Resaltar la importancia de las dimensiones inmateriales del patrimonio supone apostar por un "patrimonio con gente". Se trata de una concepción dinámica del patrimonio según la cual los elementos de la tradición cultural son enfocados como recursos para enfrentar los retos del presente. Algunas experiencias de educación patrimonial en el ámbito escolar en Galicia muestran que el patrimonio local puede ser tratado como un instrumento para abrirse al mundo y para potenciar la participación consciente y crítica en el diseño y la recomposición de las identidades culturales impulsadas por el proceso globalizador.

*The notion "heritage with people" highlights the intangible dimension of heritage and allows to perceive the elements of a given cultural tradition as resources to face the challenges of the present time. In the context of the Galician school, some experiences in teaching local heritage have shown how this can be a way of opening up to the world and improving active and critical participation in the design and restructuring of cultural identities that the context of globalization promotes.*

## PONTE...NAS ONDAS!: TICS, EDUCACIÓN E PATRIMONIO

Gerardo Feijoo Rapela

Ponte...nas ondas é unha asociación cunha historia que xa cumpre 20 anos e que se ten convertido nun referente na pedagogía galega no eido do traballo co Patrimonio Inmaterial e as Tecnoloxías da Comunicación.

Ponte...nas ondas es una asociación que cumple 20 años y que se ha convertido en un referente en la pedagogía gallega en el campo del trabajo con el Patrimonio Inmaterial y las Tecnologías de la Comunicación.

*Ponte...nas ondas is an association with 20 years of experience which has become a landmark in Galician pedagogy relating Intangible Heritage and Communications Technology.*

## COMUNICAR UM PATRIMÓNIO VIVO. UMA ETNOGRAFIA DE PONTE... NAS ONDAS!

Álvaro Campelo e Xosé M. González Reboredo

Un achegamento etnográfico aos significados da experiencia Ponte ... nas Ondas. Desde unha rigorosa fundamentación analítica os autores revisan as concepcións da memoria, do patrimonio cultural, da tradición, da cultura inmaterial, ao servizo da observación desta experiencia, que pon de manifesto a existencia dunha identidade e unha memoria compartida por baixo das fronteiras políticas, que se integra de modo crítico e mediante unha metodoloxía de investigación e participativa entre o alumnado.

Un acercamiento etnográfico a los significados de la experiencia Ponte...nas Ondas. Desde una rigurosa fundamentación analítica los autores revisan las concepciones de memoria, del patrimonio cultural, de la cultura inmaterial y de las tradiciones, al servicio de la observación de esta experiencia, que pone de manifesto la existencia de una identidad y una memoria compartida por debajo de las fronteras políticas, que se integra entre el alumnado de modo crítico y mediante una metodología de investigación y participativa.

*An ethnographic approach to the meanings of the experience Ponte...nas Ondas. From a strictly analytical point of view, the author revises the conceptions of memory, cultural heritage, the intangible culture and traditions, to the service of the observation of this experience, which evidences the existence of a shared identity and a shared memory, beyond political borders, which are integrated in students in a critical way through a research methodology which aims to be participative.*

## A RENDIBILIDADE DO GALEGO

Xabier Alcalá

Unha aguda e nada retórica chamada sobre a importancia de dominar os rexistros da lingua galega como ponte que facilita o coñecemento e dominio da lingua portuguesa, de crecente importancia internacional. De aí a rendibilidade en moitos planos do dominio do galego, como observan os galegos e as galegas presentes nas institucións internacionais.

*Una aguda y nada retórica llamada sobre la importancia e dominar los registros de la lengua gallega como directo puente que facilita el conocimiento y dominio de la lengua portuguesa, de creciente importancia in-*

*temacional. De ahí la rentabilidad en muchos planos del dominio del gallego, como observan los gallegos y gallegas presentes en las instituciones internacionales.*

*A sharp and not at all rhetoric call on the importance of mastering the registers of the Galician language as a direct bridge to facilitate the learning and mastering of Portuguese, a language of increasing international importance. This is precisely one of the advantages of mastering the Galician language, as Galician people present in international institutions have observed.*

### **A LÍNGUA COMO OPORTUNIDADE NO MUNDO UNIVERSITÁRIO. RELAÇÃO ENTRE UNIVERSIDADES DO ESPAÇO LUSÓFONO**

*Elias J. Torres Feijó*

A língua é umha oportunidade fundamental para a Galiza no mundo universitário do espaço lusófono; é preciso desenhar uma estratégia que nasça da análise das próprias carências e possibilidades, em que a Galiza se singularize como membro leal no conjunto dos países de língua portuguesa.

La lengua es una oportunidad fundamental para Galicia en el mundo universitario del espacio lusófono; se precisa diseñar una estrategia que nazca del análisis de las carencias y posibilidades propias, en que Galicia se singularice como miembro leal en el conjunto de los países de lengua portuguesa.

*Language is a fundamental opportunity for Galiza inside the Lusophone University Environment. We need to design a strategy out of the analysis of deficits and possibilities, in which Galiza standouts as a loyal member of the group Portuguese Speaking Countries.*

### **O PORTO E A GALIZA: COISAS NOSSAS, DE PORTUENSES E GALEGOS**

*António Nunes*

O autor, con experiencia de décadas no traballo pedagóxico progresista entre o profesorado, expón como só tardiamente, e a través do establecemento de lazos humanos e afectivos con profesores galegos, el chegou a comprender que a Galiza non é 'a Espanha' sen máis, senón que ten trazos singulares. Sinala que no presente, vinte anos despois, entre o profesorado do

Porto predomina 'a distancia' e propón iniciativas de achegamento.

El autor, con experiencia de décadas de traballo progresista entre el profesorado en Portugal, expone como solo tardiamente, y a través del establecimiento de lazos humanos y afectivos con profesores gallegos, él llegó a comprender que Galicia no es 'España', sino que tiene rasgos específicos singulares. Señala que en el presente, veinte años después, entre el profesorado de Porto predomina 'la distancia' y propone iniciativas de acercamiento.

*The author, with decades of experience on the pedagogic progressive work among faculty members, explains how only belatedly, and through the establishment of human and affective bonds with Galician teachers, he got to understand that Galicia is not just 'Spain', but has its own specific features. He points out that in the present time, twenty years later, there is a distance with the faculty from Porto and suggests initiatives which can bring them back together.*

### **VINTE ANOS DE PONTE...NAS ONDAS**

*Teresa Callís e Filomena Correia Alves da Cruz*

A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! ten conseguido rachar a barreira mental que separaba poboacións próximas no espazo, mais afastadas no traballo diario, pondo en contacto escolas das dúas marxes da fronteira para fomentar a convivencia e o traballo común.

La Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! conseguiu romper la barrera mental que separaba poblaciones próximas en el espacio, pero alejadas en el trabajo diario, poniendo en contacto centros educativos de los dos lados de la frontera para fomentar la convivencia y el trabajo común.

*The Cultural and Pedagogical Association Ponte...nas ondas managed to break mental blocks which separated populations which are close in space but far in their daily-life work, connecting educational centers from both sides of the border in order to promote co-existence and co-work.*

**ECOS DESDE O BRASIL: A PONTE LINDA QUE DE ALÍ CHEGA...**

Bruna Morais e Mayra Pereira

A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! leva anos mostrando a potencia e interese de pertencer a unha realidade cultural supranacional que chamamos lusofonía. Neste artigo preséntanse tres exemplos de como a cultura galaico portuguesa, vehiculizada polo idioma común, está presente noutras partes do mundo.

La Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! a lo largo de los años ha mostrado la potencia y el interés que tiene pertenecer a una realidad cultural supranacional que se llama lusofonía. En este artículo se presentan tres ejemplos de cómo la cultura galaico portuguesa, vehiculizada a través del idioma común, está presente en otras partes del mundo.

*The Cultural and Pedagogic Association Ponte...nas ondas! has shown over the years the power and convenience of belonging to a supranational cultural reality called lusophony. This article shows three examples of how the Galician-Portuguese culture, carried through common language, is present in other parts of the world.*

*le school community after participating intensively in radio communication as part of the project Ponte...nas Ondas. Many years of initiatives and life experiences, bonding with children from many parts of the world and from the other part of the shore, and realizing the traces of the traditional culture which we share.*

**DÉCADAS DE RADIO CONSTRUÍNDO PONTES**M<sup>a</sup> Luz Gómez Leiras e M<sup>a</sup> del Pilar González Casas

As autoras, mestras dun colexio arraiano, narran a satisfacción de toda unha comunidade escolar por participar intensamente na comunicación radiofónica, como parte do proxecto Ponte... nas Ondas!. Moitos anos de iniciativas e de experiencias de vida tendendo lazos con nenos e nenas de tantas partes do mundo e tamén da outra beira, comprobando o pouso da cultura tradicional que nos une.

Las autoras, maestras de un colegio minhoto, narran la satisfacción de toda una comunidad escolar por participar intensamente en la comunicación radiofónica, como parte del proyecto Ponte... nas Ondas!. Muchos años de iniciativas y de experiencias de vida tendiendo lazos con niños y niñas de tantas partes del mundo y también de la otra orilla, comprobando así el poso de la cultura tradicional que nos une.

*The authors, teachers in a school at the border of Galicia and Portugal, tell us about the satisfaction of a who-*